



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZANOVE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 15)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezanove de xuño de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o Secretario Xeral Adxunto D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DOCE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día doce de xuño de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE “SERVICIO PARA LA EJECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIONES DE CONSERVACIÓN EN LA RED VIARIA PROVINCIAL 2019-2021”, ZONA 4.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada con data, 13 setembro de 19 acordou “adxudicar a execución do “Servizo para a execución de diversas operacións de conservación na RVP –Lote 4- (Zona 4)- a Nexia Infraestructuras SLU, cun prazo de execución de 2 anos. A adxudicataria dará cumprimento ás melloras ofertadas por enriba do mínimo establecido no prego de prescricións técnicas, así como as ofertadas como calidade no emprego, xunto coas restantes obrigas fixadas nos pregos reitores coa cualificación atribuída”.

Con data 16 de outubro de 2019 formalizouse o correspondente contrato.

A contratista Nexia Infraestructuras SLU , con data de 28 de xaneiro de 2020.comunicou a esta Deputación “ non dispoñibilidade de medios “ para a execución do contrato.



Formulouse Proposta do responsable do contrato respecto do Procedemento de resolución do contrato administrativo de servizos para a execución de diversas operacións de conservación na R.V.P. da Excma. Deputación Provincial de Lugo Lotes 1-8. Lote 4.

Emitiuse Informe do Director facultativo do contrato “Execución de diversas operacións de conservación na rede viaria provincial [...] Lote 4” sobre Incumprimentos do contrato de “Execución de diversas operacións de conservación [...] Lote 4”

Constan como antecedentes inmediatos ós efectos de emisión do presente, ademais dos sinalados os seguintes:

Comunicación “de non dispoñibilidade de medios” remitida pola contratista Nexia Infraestructuras SLU, con data de 28 de xaneiro de 2020.

Proposta do responsable do contrato respecto do Procedemento de resolución do contrato administrativo de servizos para a execución de diversas operacións de conservación na R.V.P. da Excma. Deputación Provincial de Lugo Lotes 1-8. Lote 4.

Informe do Director facultativo do contrato “Execución de diversas operacións de conservación na rede viaria provincial [...] Lote 4” sobre Incumprimentos do contrato de “Execución de diversas operacións de conservación [...] Lote 4”.

Na instrución do presente expediente foi emitido Informe xurídico polo servizo de contratación e fomento co conforme da Secretaria Xeral con CSV: IV66UDRMLAXOV2UPYVPV45DCIA.

A Xunta de Goberno acordou con data 31 de xaneiro de 2020:

1º.- Acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo de "Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la red viaria provincial 2019-2021". Zona 4, adxudicado á entidade NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU, polas causas expresadas no corpo do presente por concorrer posibles incumprimentos ó abeiro da documentación obrante no expediente, tendo especial relevancia polo risco que supón o abandono das tarefas de conservación.

2º.- Dar trámite de audiencia a NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU, e ao avalista da garantía definitiva prestada, polo prazo de 10 días hábiles na medida que se puidese proceder a incautación da garantía depositada.

3º.- Resolto o expediente de resolución iniciar, no seu caso, a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e así mesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

4º.- Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que contra a mesma que e de trámite non cabe a interposición de recurso algún, sen prexuízo de que formule tantas alegacións estime precisas no trámite conferido ó efecto.

5º.- Dar traslado ó Servizo de vías e obras, o Servizo de Contratación e Fomento e á Intervención Provincial.

6º.- Suspender de xeito cautelar a execución do contrato por parte do adxudicatario do lote 4 no tanto ten manifestado falta de disposición dos medios para a súa prestación, e ate a completa resolución de dita incidencia.

7º.- Ratificar a comunicación realizada polo director facultativo, notificando a presente á entidade FEVTSA VÍAS Y OBRAS SL, adxudicataria do Lote 8, para cobertura de incidencias sobrevidas que afecten directamente á seguridade vial, para garantir a seguridade dos usuarios da rede viaria provincial no ámbito territorial da zona 4, ate nova comunicación en contrario".

Dito acordo foi notificado ó contratista con data de 7 febreiro de 2020, e ó avalista con data 11 de febreiro de 2020.

Durante o prazo de audiencia, e ate a data de emisión do presente, non consta a este informante comunicación ou alegación do contratista respecto do acordo de iniciación do expediente de resolución.

Resultan fundamentos xurídicos :



A Lei de contratos do sector público LCSP 9/2017, de 8 de novembro.

O Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas 1098/2001.

Os pregos de cláusulas administrativos e demais documentos con forza obligacional incorporados ó expediente.

Considerando o anterior compre realizar as seguintes;

Consideracións xurídicas:

Sobre os antecedentes e a natureza xurídica da incidencia contractual que supón o actual estado de inexecución do servizo.

Compre indicar con carácter xeral que as obrigas das partes na contratación administrativa quedan reflectidas nos pregos, oferta e demais documentación preparatoria que o contratista ten aceptado, e as que se ten sometido dende o primeiro instante da licitación tal e como deriva da aplicación do artigo 139 da LCSP, cando sinala que “as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva algunha...”.

Queda advertido por tanto o carácter vinculante do prego como “*lex contractus*”, cuxa interpretación non resulta dispoñible para o contratista.

Das diferentes circunstancias comunicadas pola unidade xestora a través dos responsables do contrato, destaca a falta de execución do contrato e desatención dos requirimentos, con declaración expresa da indispoñibilidade de medios necesarios para a execución do contrato, comunicada polo propio contratista, por tanto, que se está a frustrar a finalidade e satisfacción do mesmo, se esta a prexudicar por tanto, o interese xeral ó que serve o contrato administrativo.

Respecto dos incumprimentos contractuais acreditados segundo o informado pola unidade xestora resulta preciso recordar:

A falta de atención dos requirimentos.

A paralización unilateral na execución dos traballos (cláusula 22.4 infraccións moi graves e as súas consecuencias).

A recoñecida indispoñibilidade dos medios (cláusula 22.2 f).

Todas elas toda vez verificadas, sen constancia de oposición do contratista, supoñen causas para resolver e extinguir o contrato ó teor do disposto no prego e na normativa tanto por representar a inobservancia de condicións esenciais, como por incorrer en incumprimentos cuxa tipificación e gradación, implica a materialización das consecuencias de maior alcance xurídico que implican a finalización anormal do contrato por causa imputable ó contratista.

Sobre as causas de resolución a súa expresa previsión e as súas consecuencias.

Como consecuencia do anterior, e fronte a inobservancia de obrigas esenciais, sinala o prego que “....., o contrato extinguirase pola súa resolución (artigo 209 da LCSP), acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 211 da LCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 213 da LCSP. Igualmente serán causas de resolución do contrato as establecidas como condicións esenciais e especiais de execución, agás que proceda a aplicación de penalidades.”

Apreciase, na opinión deste informante, que por parte do contratista se teñen incumplido as súas obrigas esenciais (cláusula 22.2 f), así como que se teñen verificado incumprimentos que constitúen incumprimentos moi graves (cláusula 22.4) e polo tanto que as mesmas constitúen en sí, fundamento para acordar a resolución do contrato.

Así mesmo, se esgrimiron pola unidade xestora outras causas adicionais mencionando o concurso e a falta de observancia das condicións vinculadas as relacións laborais cuxa acreditación non tivo ampliación na documental incorporada ó expediente.

Non obstante, os incumprimentos verificados supoñen causa de gravidade acreditada para a resolución do contrato.



A normativa á hora de avaliar a incidencia da resolución contractual, establece una serie de consecuencias en proporción a gravidade que supón que se frustre o contrato como consecuencia dos incumprimentos de quen foi seleccionado con base na súa solvencia e por mor da súa oferta para a execución do contrato, así como consecuencia dos incumprimentos advertidos, no caso que nos ocupa, corresponden os seguintes efectos a aplicar á entidade Nexia Infraestructuras SLU:

Perda, por incautación, da garantía constituída (prego cláusula 25, art. 110 d, 213.3 da LCSP).

Indemnización, previo expediente contradictorio, por danos e perdas no importe que exceda a garantía incautada, entre cuxas partidas se podería ter en conta a diferenza entre o importe da adxudicación, e aquel que finalmente resulte dunha nova adxudicación ó verse obrigada a administración a licitar novamente o contrato. (prego cláusula 25, art.) 213.3 da LCSP e art. 113 do RXCAP 1098/2001.

Incoación do procedemento de declaración de prohibición para contratar, no ámbito territorial e coa extensión temporal en función da gravidade dos incumprimentos e dano o interese público que resulte finalmente acreditado. (art. 19.1 do RXCAP).

Así mesmo, pola unidade xestora se propuxo coa iniciación do expediente de resolución a adopción de outras medidas de carácter provisional, en garantía do normal funcionamento do servizo de titularidade provincial e evitación de riscos para bens e persoas , que se xeran como consecuencia do abandono da prestación por parte do contratista e pola súa exclusiva responsabilidade na desatención das súas obrigas contractuais, debendo pospoñer a fase liquidatoria ó momento en que se determine finalmente e tras a tramitación oportuna a procedencia da extinción do contrato por causas anormais.

Ditas medidas foron acordadas pola Xunta de Goberno nos acordos sinalados nos antecedentes, tanto no que afectaba á suspensión do contrato, como no que respecta á cobertura de traballos por adxudicatarios de zonas limítrofes.

“Por outra banda, se informa da comunicación realizada ó amparo do PPT para a cobertura dos traballos por incidencias sobrevidas que afecten á seguridade viaria, pola adxudicataria da zona 8 limítrofe, Fevisa Vias y Obras SL, designada para ditas actuacións que se poidan verifiquen nas condicións descritas, coa seguinte motivación, comunicada na data de hoxe polo director facultativo “parece razoable que sexa unha das empresas adxudicatarias limítrofes a que teña unha mellor capacidade de resposta por atoparse xeograficamente máis próxima. Sendo tres as zonas limítrofes (zona 1, zona 3 e zona 8) e considerando igualmente solventes ás respectivas empresas adxudicatarias, decídese aplicar de novo o mesmo criterio de proximidade como garante dunha atención máis rápida e eficiente, así, analizando cales destas tres empresas teñen unha implantación dos seus medios máis próxima á zona 4 resulta que teñen os seus medios implantados nun concello limítrofe a adxudicataria do lote 8 cuxa sé atopar en O Saviñao e a adxudicataria do lote 4 [sic*] cuxa sede atopar en Outeiro de Rei pero cuxos medios atópanse repartidos entre os concellos de Outeiro de Rei e Castro de Rei, estando a implantación da adxudicataria do lote 1 en Xove. Polo exposto, parece que a empresa que dispón dos medios máis próximos á zona 4 é a adxudicataria do lote 8, Fevisa Vías e Obras S.L.” *entendese do contexto que o director facultativo se refire á zona 3”.

No tanto non se adxudique novo contrato para cubrir as traballos da zona 4, e visto que dita posibilidade se atopa prevista no contrato adxudicado, parece adecuado o interese que tutela esta administración, a continuación das medidas adoptadas para garantir as condicións de seguridade de persoas e bens na rede viaria provincial afectada pola presente incidencia.

Sobre o procedemento a seguir,

Segundo se tiña informado do teor do disposto no art. no artigo 212.1 da 9/2017 e 109 do RCAP 1098/2001 iniciouse de oficio o expediente de resolución que contén ós seguintes fitos procedimentais:

Audiencia do contratista por prazo de dez días naturais.



Audiencia no mesmo prazo, do avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía.

Informe do Servicio Xurídico, trámite que se esta a cumprimentar co presente requirindo o preceptivo sometemento ó conforme da secretaría municipal, ou emisión por esta do informe que estime procedente, e sen prexuízo da fiscalización pola intervención, cando proceda.

Ditame do Consello Consultivo, cando se formule oposición por parte do contratista.

Tal e como sinala dito precepto, tódolos trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

Visto que consta que se teñen cumprimentado os tramites anteriores e non se formulado oposición, nin realizado alegación algunha por parte do contratista, compre que o órgano de contratación previa fiscalización acorde a resolución do contrato no que afecta ó lote 4.

Sobre o órgano competente

Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo.

Respecto do expediente indemnizatorio no que exceda da garantía depositada, corresponderá a competencia a presidencia ó abeiro do dito precepto do regulamento orgánico no seu inciso final.

Considerando, a proposta da unidade xestora, os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo do presente propoño ó Órgano de Contratación que adopte acordo nos seguintes termos:

1º.- Declarar resolto por causas imputables ó contratista o contrato administrativo de "Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la red viaria provincial

2019-2021". Zona 4 - adxudicado á entidade Nexia Infraestructuras SLU, polas causas expresadas no corpo do presente e incorporadas ó expediente por concorrer incumprimentos ó abeiro da documentación obrante no expediente, tendo especial relevancia polo risco que supón o abandono das tarefas de conservación.

2º.- Incautar a garantía depositada por Nexia Infraestructuras SLU, suscrito coa entidade Atradius Credito y Caución SA de Seguros y Reaseguros con número 4.221.638, por importe de 25.000 €.

3º.- Iniciar a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación, e así mesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

4º.- Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que contra a mesma que esgota a vía administrativa procede alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou o acto ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte á recepción da notificación. Se optara por interpoñer o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

5º.- Dar traslado ó Responsable do contrato e a intervención provincial e á tesouraría provincial co obxecto de que se execute a incautación acordada.

6º.- Acordar, no tanto non se adxudique novo contrato para cubrir as traballos da zona 4 , a continuación das medidas adoptadas para garantir as condicións de seguridade de persoas e bens na rede viaria provincial.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO, A EXCEPCIÓN DAS DEPENDENTES DO PARQUE MÓBIL E VÍAS E OBRAS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 11 de xuño de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV6RYPT6HRHPTG572FYQENPPJ4¹.

Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa da Unidade de Proxectos.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV6R2C75BBB3XTX53Q7SEHX7NY.

Xustificación de criterios, con CSV IV6RGKK2LNJSRS4KQM555ZLBEI.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV6RGP2CJHW5VLZKBVYUOICGFY.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV6RGP2YBXUJRLZPRVEDOEHECA.

¹ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV6RGMDKHEROYSZSQIWACVCT64.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 24 de xaneiro do 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV66UUPZB543X2Z37QPHGQHHF4.

Publicación, o día 29 de xaneiro do 2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 28 de febreiro do 2020, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliados automaticamente (sobre B), con CSV: IV66SCHMH57TVCRL5VNTP7ZHAI.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación do 28 de febreiro do 2020, deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente, que foron as seguintes:

Agora Ingeniería, Servicios y Prevención S.L.

Alauda Ingeniería S.A.

Ares Ingeniería Pública y Civil, S.L.

Atenea S.A.U.

Autónomo

Coordina, Coordinación y Consultoría S.L.

Incope Consultores S.L.

Inerproma Medioambiente S.L.



Ingeniería y Prevención De Riesgos S.L.

Ingeniería, Estudios y Proyectos Europeos S.L.

Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U (IPRENOR)

Investigación y Control de Calidad S.A.U. (INCOSA)

Normansys, S.L.

Norprevención S.L.

Norvalia Soluciones Multiservicios S.L.U.

Pracsys Seguridad y Salud S.L.

SGS Tecnos

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que todas presentan a documentación correctamente. A Mesa de Contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida nos sobres “B”, cos seguintes resultados:

LICITADORES	POCENTAXE DE BAIXA SOBRE PREZOS UNITARIOS	ADSCRICIÓN DE MULLERES
AGORA INGENIERÍA, SERVICIOS Y PREVENCIÓN S.L.	42,84%	3
ALAUDA INGENIERÍA S.A.	30,00%	3
ARES INGENIERÍA PÚBLICA Y CIVIL, S.L.	38,51%	3
ATENEA S.A.U.	39,50%	3
AUTÓNOMO-OSCAR BLANCO NICOLÁS	25,40%	2
COORDINA, COORDINACIÓN Y CONSULTORÍA S.L.	36,72%	3
INCOPE CONSULTORES S.L.	0,00%	0
INERPROMA MEDIOAMBIENTE S.L.	22,06%	2
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS S.L.	19,00%	3
INGENIERÍA, ESTUDIOS Y PROYECTOS EUROPEOS S.L.	41,50%	3
INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U (IPRENOR)	38,11%	3
INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD S.A.U. (INCOSA)	21,11%	1
NORMANSYS, S.L.	33,33%	3
NORPREVENCIÓN S.L.	29,05%	3
NORVALIA SOLUCIONES MULTISERVICIOS S.L.U.	32,19%	2
PRACSYS SEGURIDAD Y SALUD S.L.	7,50%	3
SGS TECNOS	20,00%	2

A licitadora Incope Consultores S.L. non realizou oferta económica explicitando a porcentaxe de baixa sobre os prezos unitarios nin declaración de adscrición ao contrato de mulleres. O PCAP prevé que aquelas ofertas que oferten 0 ou en branco serán valoradas con 0 puntos.

A continuación realizouse o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, sendo o resultado que, en principio, son desproporcionadas ou anormais as ofertas presentadas por Agora Ingeniería, Servicios y Prevención S.L. e por Ingeniería, Estudios y Proyectos Europeos S.L., ás que se lles requiriu xustificación das ofertas.

Suspensión dos prazos de tramitación dos procedementos de contratación en virtude da Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19.

Levantamento da suspensión en virtude de Real Decreto-lei 17/2020, de 5 de maio.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 12 de maio do 2020, para dación de conta dos informes relativos a ofertas anormalmente baixas ou desproporcionadas, valoración de criterios automáticos e proposta de adxudicación, con CSV: IV66GYH3IB4MZSJ724ESMFKUKA (accesible de xeito íntegro na sede electrónica), que conclúen:

Respecto da oferta de Agora Ingeniería, Servicios y Prevención S.L.:

“Según la documentación presentada por la empresa, se asigna en la estimación de los costes de personal una dedicación del 25% de la jornada laboral de tres coordinadores de seguridad y salud, y toma como convenio de aplicación el Convenio Colectivo del sector de Empresas de Ingeniería y Oficinas de Estudios Técnicos.

Teniendo en cuenta que, en aplicación del referido convenio, la jornada máxima es de 1.792 horas, resulta:



$3 \text{ coordinadores} \times 1792 \text{ horas} \times 0,25 = 1.344 \text{ horas}$, inferior a las 1.919 establecidas en el pliego. No queda por tanto justificado el ahorro que permiten los servicios prestados.

No se considera por tanto, a juicio de quien suscribe, justificada, la oferta presentada por la empresa Ágora Ingeniería, Servicios y Prevención S.L. en relación con el expediente de “Servicio de coordinación de seguridad y salud de las obras y servicios de la Diputación de Lugo, a excepción de las dependientes del parque móvil y vías y obras”.

Respecto da oferta de Ingeniería, Estudios y Proyectos Europeos S.L.:

“Según la documentación presentada por la empresa, se asigna en la estimación de los costes de personal una dedicación del 25% de la jornada laboral de dos ingenieros civiles y el 20% de la jornada laboral de un arquitecto técnico, y toma como convenio de aplicación el Convenio Colectivo del sector de Empresas de Ingeniería y Oficinas de Estudios Técnicos.

Teniendo en cuenta que, en aplicación del referido convenio, la jornada máxima es de 1.792 horas, resulta:

$2 \text{ ingenieros civiles} \times 1792 \text{ horas} \times 0,25 = 896 \text{ horas}$.

$1 \text{ arquitecto técnico} \times 1.792 \text{ horas} \times ,020 = 358,40 \text{ horas}$ Lo que supone un número total de 1.254,40 horas, inferior a las 1.919 establecidas en el pliego.

No queda por tanto justificado el ahorro que permiten los servicios prestados.

No se considera por tanto, a juicio de quien suscribe, justificada, la oferta presentada por la empresa Ingeniería Estudios y Proyectos Europeos, S.L. en relación con el expediente de “Servicio de coordinación de seguridad y salud de las obras y servicios de la Diputación de Lugo, a excepción de las dependientes del parque móvil y vías y obras”.

A Mesa acordou en dita sesión de 12 de maio do 2020 , por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

“1.- Asumir como propio o informe realizado pola Unidade de Proxectos sobre a xustificación da oferta económica das licitadoras Agora Ingeniería, Servicios y Prevención S.L. e Ingeniería, Estudios y Proyectos Europeos S.L., e polo tanto, excluílas do procedemento de licitación.

Outorgar aos licitadores admitidos as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	ATENEA S.A.U.	100,00
2	ARES INGENIERÍA PÚBLICA Y CIVIL S.L.	97,79
3	INGENIERIA MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE S.L.U. IPRENOR	96,90
4	COORDINA, COORDINACIÓN Y CONSULTORÍA S.L.	93,81
5	NORMANSYS S.L.	86,25
6	NORVALIA SOLUCIONES MULTISERVICIOS SLU	79,71
7	ALAUDA INGENIERÍA S.A.	78,84
8	NORPREVENCION S.L.	76,72
9	AUTÓNOMO- OSCAR BLANCO NICOLÁS	64,59
10	INERPROMA MEDIO AMBIENTE S.L.	57,15
11	INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS S.L.	54,33
12	SGS TECNOS	52,56
13	INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD SAU INCOSA	51,03
14	PRACSYS SEGURIDAD Y SALUD S.L.	28,71
15	INCOPE CONSULTORES S.L.	0

Requirir á empresa Atenea SAU, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 do LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

Por resolución da Presidencia de data 15 de maio de 2020, excluíronse as dúas empresas incursas en oferta anormalmente baixa, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir



á empresa Atenea Seguridad y Medio Ambiente S.A.U., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas e no cadro resumo. Notificouse a Atenea Seguridad y Medio Ambiente S.A.U. o Decreto de requirimento o 20 de maio de 2020, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, sendo que o prazo de presentación remataba o 3 de xuño de 2020. A empresa presentou a documentación o 29 de maio a través da Plataforma e complementou a mesma a través de correos electrónicos por imposibilidade de facelo pola Plataforma, enviados con data 1 e 3 de xuño, dentro de prazo.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 11 de xuño de 2020, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Atenea Seguridad y Medio Ambiente S.A.U. presenta a documentación requirida en tempo o día 29 de maio de 2020, complementando por correo electrónico os días 1 e 3 de xuño de 2020.

En canto a concreción das condicións de solvencia conforme ao art. 76 da LCSP (adscripción de medios persoais e materiais á execución do contrato), emitiu informe de que se considera xustificado a técnica da Unidade de Proxectos, Dña. Ana Belén Mera Arias o 4 de xuño de 2020, que conclúe:

“Analizada la documentación presentada, se considera justificado, a juicio de quien suscribe, el cumplimiento de lo estipulado en la cláusula 11 del Pliego de Prescripciones Técnicas, en relación a la dotación de medios mínimos necesarios, así como la adscripción de mujeres al contrato en los puestos de coordinador de seguridad y salud.”

A mesa de contratación, vista a documentación e o informe emitido, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Atenea Seguridad y Medioambiente S.A.U., a contratación do Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras e servizos da Deputación de Lugo, a excepción das dependentes do parque móbil e vías e obras, por prazo de un ano, prorrogable por un ano, ata un importe máximo anual de 47.628,73 euros, aos que se engadirán 10.002,03 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; o que ascende a un total de 57.630,76 euros. Aplicaranse en todo caso os prezos unitarios recollidos no Anexo 4 Presupuesto do Prego de prescricións técnicas, coa baixa ofertada pola adxudicataria, 39,50%. A empresa comprométese a adscribir 3 mulleres ao contrato.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Atenea Seguridad y Medioambiente S.A.U., a contratación do Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras e servizos da Deputación de Lugo, a excepción das dependentes do parque móbil e vías e obras.

2º.- A empresa adxudicataria comprométese a prestar o servizo por un prazo de un ano, ata un importe máximo de 47.628,73 euros, aos que se engadirán 10.002,03 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; o que ascende a un total de 57.630,76 euros. Aplicaranse en todo caso os prezos unitarios recollidos no Anexo 4 Presupuesto do



Prego de prescricións técnicas, coa baixa ofertada pola adxudicataria, 39,50%. A empresa comprométese a adscribir 3 mulleres ao contrato.

Tendo en conta a data prevista de inicio do servizo, en xullo de 2020, a distribución por anualidades é a seguinte:

Anualidade	Importe con IVE incluído (euros)
2020	28.815,38
2021	28.815,38
total	57.630,76

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 a cantidade indicada, na correspondente aplicación.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- O contrato terá unha duración máxima de vixencia de un ano, contado dende o día seguinte a subscripción da acta de inicio, prorrogable por outra anualidade ate un máximo de dous anos (1+1).

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE
ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS
PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO
ALUGUER DE CABINAS SANITARIAS AUTÓNOMAS E MANTEMENTO DIARIO NO
ENTORNO DO PASEO DO RATO E DOS HORTOS URBANOS DO PARQUE DO RÍO
RATO E PARADAI.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do aluguer de cabinas sanitarias autónomas e mantemento diario no entorno do Paseo do Río Rato e dos hortos urbanos de Parque do Río Rato e Paradai. Lugo, consta no mesmo:

Orde de inicio de expediente de contratación IV67UAA DF7Z4JXU36DVAMBC7MQ.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV67UAA NZIFIKVJLCUUNOIRGE4.

Informe servizo con CSV: IV67UAA 6FIGL4XM7QYWHKFR6OM.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV67UAA 23VVNVPEM4PUBK5IHEU.

Solicitude de consignación orzamentaria con CSV:
IV67UAA MHT7LVK7PAY4NIDXHFY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV:
IV67WSC4EEE4ITO5YEV4O57D5Y.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:
IV67XXISFHRDT6W42AAAKNY7BY.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV67XXPLDX4N3NHLDV5UMHRFIQ.



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado a contratación do aluguer de cabinas sanitarias autónomas e mantemento diario no entorno do Paseo do Río Rato e dos hortos urbanos de Parque do Río Rato e Paradai. Lugo, cun prazo máximo de instalación de 15 días hábiles e unha duración de tres anos.

2º.- Aprobado o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público.

3º.- Aprobado e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobado o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 28.510,02 euros. O orzamento base de licitación inclúe 4.948,02 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 23.562,00 euros de base, atendendo ao seguinte desglose:

Anualidade 2020: 4.751,67 euros

Anualidade 2021: 9.503,34 euros

Anualidade 2022: 9.503,34 euros

Anualidade 2023: 4.751,67 euros

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021, 2022 e 2023, as cantidades sinaladas para cada anualidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO DA APLICACIÓN INFORMÁTICA DO SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“1.-Antecedentes Administrativos.

A Xunta de Goberno, reunida o día 6 de xullo de 2019, acordou adxudicar á empresa AYTOS Soluciones Informáticas S.L.U., a contratación do servizo de mantemento da aplicación informática do servizo de xestión tributaria e recadación.

A empresa adxudicataria comprometeuse á prestación do obxecto do contrato, por un importe de 51.029,70 euros, aos que se engadirán 10.716,24 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 61.745,94 euros, cunha duración de dous anos desde a sinatura da acta de inicio de prestación do servizo ou, no seu defecto, desde a data da formalización do contrato en documento administrativo, que foi o 6 de agosto de 2018.



O Servizo de Xestión Tributaria e Recadación trasladou a este Servizo de Contratación e Fomento informe proposta asinado o 24 de abril de 2020, con CSV IV662OQ6DNUMXZG5WJOQOXZSLY, onde textualmente se di:

A base de datos do Servizo de Xestión tributaria, Recadación e Inspección operativamente necesita dun programa aplicativo co obxecto de xestionar e administrar a información que contén a base de datos principal, isto é, dun xestor de base de datos.

Ao longo destes anos estas situacións resolvéronse mediante a tramitación de diversos contratos menores coa empresa Oracle, a cal prestaba este servizo de xestor de base de datos Wingtreca-Wingt, como sinalamos, aplicación principal de xestión do Servizo. Estes contratos víñanse prestando anualmente.

O motivo destas actuacións estaban determinadas polo feito de que contratar directamente coa empresa que da o soporte orixinario levaba condicións máis vantaxosas de mercado que facelo a través de calquera outra empresa-canal-intermediaria, posto que ao tratarse dun software privativo, só a empresa orixe ten capacidade legal para proporcionar o mantemento ou en todo caso empresas autorizadas por ela, así como que propoñía os mellores prezos de mercado.

Estes contratos nembargantes son especialmente peculiares. É realmente complicado establecer *a priori* un cálculo de custes ou memoria económica axustada a realidade, pois os custes nestas empresas que prestan servizos tecnolóxicos varían, en tanto que dependemos dunhas políticas de prezos marcadas por estas multinacionais e que poden cambiar radicalmente dun contrato a outro. Con todo o anterior quérese dicir que as actuacións preparatorias destes contratos están unidas inexorablemente á declaracións unilaterais de condicións e prezos deste tipo de compañías.

Na actualidade, sen embargo, o prezo de Oracle inc (1500 € +IVE/ ano) é superior ao prezo que plantexa a empresa Aytos Soluciones Informáticas en relación ao soporte na licenza adquirida pola Deputación Provincial de Lugo, polo que se considera axeitado aproveitar estas sinerxias e propoñer un modificado no contrato de mantemento da base de datos do Servizo de Xestión tributaria, Recadación e Inspección, sobre a base dos tres pilares seguintes:

Necesidade da prestación dos Servizos. Os traballos consisten en dar servizo de mantemento básico de soporte á base de datos para o que temos licenza Oracle 12c, a cal é propiedade da Deputación Provincial de Lugo. O xestor de base de datos é un programa que permitirá interactuar na base de datos tanto operativamente como a modo de prevención e seguridade fronte a posibles continxencias, problemas ou incidencias que poidan xurdir. Trátase dun sistema, polo tanto, de prevención e seguridade, necesario para un Servizo crítico como o que presta o Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección, xa que de producirse unha incidencia e non ter cobertura, se estaría nunha situación de total desamparo, ante o cal non se tería capacidade de resposta e provocaría de facto a paralización da actividade, co prexuízo que elo suporía. (deixarían de emitirse recibos, incorporar padróns de contribuintes, xestionar os ingresos, devolucións, pagos aos Concellos, en xeral toda a operativa do procedemento de xestión tributaria recadatoria e os seus derivados).

Motivacións de cambio. Non estaba previsto no contrato inicial de mantemento precisamente polo parágrafo terceiro desta proposta, pero criterios de temporalidade, adaptación ao mercado e favorables a Administración, razóns de eficacia, e necesidade de atender unha situación que refire a unha incidencia real, e que como sabemos, no mundo informático o curto medio prazo temporal pode supor unha importante mellora ou un profundo cambio, fan posicionarse neste intre coa empresa Aytos.

Modificación do contrato de mantemento da base de datos do Servizo de Xestión tributaria, Recadación e Inspección. A empresa que leva o mantemento da base de datos do Servizo presúmese a idónea para levar o mantemento do xestor de base de datos desta aplicación. Hai unha unificación de interlocutores na posible existencia de incidencias.

Tendo en conta que a empresa adxudicataria o é como consecuencia dun procedemento de contratación por razóns técnicas. O importe do modificado prevese nunha cantidade anual de 1446,50 €/anual máis IVE (21 %) o cal fai un total de 1750,26 €, o cal supón en todo caso unha porcentaxe sobre o importe anual do contrato de mantemento da aplicación principal (Wingtreca-Wingt) inferior ao 10% (25514,85 € valor estimado X 0,10= 2551,49 €). Este importe reducirase en función de dous límites: a) inicio da prestación e b) data de finalización do mantemento da



aplicación principal Wingtreca-Wingt. En función desta situación calcularase un prezo mensual e diario, é dicir, 120,54 €/mensual +IVE e 3,96 €/diario+IVE. Dado que se descoñece o momento da adxudicación, de ser procedente, da modificación desenvolvida, establecerase un límite máximo considerado dende a data desta proposta ata o 6 de agosto deste ano.

En relación ao cumprimento da normativa de contratación, artigo 203.2 e 205 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, para o caso de cando as modificacións non sexan substanciais, xustifícase a continuación segundo o seguinte:

De conformidade ao texto normativo antedito, exponse que, unha modificación consideraríase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial permitiran a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraeran a máis participante no procedemento de contratación. Esta situación non se produce debido a propia natureza do procedemento seguido nesa contratación.

En todo caso sinala a propia normativa que se da o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou servizo resultante do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso se esixiu no procedemento de licitación orixinal. Polo tanto, a contrario, *sensu*, calquera modificación que non modifique clasificación, como é o caso, non se considerará esencial, e tampouco se supera o umbral dos contratos nos termos previstos nos artigos 20 a 23 (umbral SARA).

Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso se considerará que se da o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretende realizar, se introducirán unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50% do orzamento inicial do contrato. Esta situación tampouco

se produce no presente caso pois a modificación introduce nova situación por importe inferior a un 10%.

A maiores, sinalar que non se altera o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista, trátase de adaptar, no exercicio do *iusvariandi* sempre sobre a motivación até o de agora descrita, as condicións do contrato para satisfacer o interese público.

Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso se considerará que se da o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, aislada ou conxuntamente, do 15% do prezo inicial, IVE excluído, se se trata de contrato de obras ou dun 10%, IVE excluído nos demais caso. O presente caso queda excluído destas condicións por canto o importe é inferior ao 10%, IVE excluído.

As obras, servizos ou subministros obxecto de modificación se atopen dentro do ámbito de outro contrato, actual o futuro, sempre que se iniciara a tramitación do expediente de contratación.

Entendendo que o inicio do expediente de contratación conforme o informe da Xunta Consultiva de Contratación núm. 31/05 de 29 de xuño de 2005, require non só o inicio de procedemento xustificando a necesidade senón tamén a aprobación polo órgano competente do expediente de contratación, pregos de condicións e aprobación do período de licitación, tamén podemos sinalar que o presente modificado queda excluído destas condicións por non existir aprobación do expediente para un futuro contrato nin tampouco existe contrato con esta prestación na actualidade.

Achégase unha conformidade da empresa na prestación deste servizo.

Por todo o que vai dito, proponse previos os trámites que sexan oportunos:



Aprobar o modificado do contrato de mantemento da aplicación principal adxudicada a Aytos Soluciones Informáticas SLU por un valor que se determinará tendo en conta os prezos diarios/mensuais segundo os casos, até a finalización do contrato da aplicación principal 06.08.2020.

O pagamento realizarase en execución coincidindo cos pagamentos realizados a Aytos Soluciones Informáticas e tendo en conta as peculiaridades sinaladas nos parágrafos anteriores (liquidacións diarias de ser o caso no último pagamento). Deberá sinalarse na factura emitida.

Consideracións xurídicas.

A Disposición transitoria primeira, punto 2, da LCSP, dispón que “os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior”. Polo que os contratos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor (9 de marzo de 2018), como é este caso, rexeranse en canto a súa modificación, pola Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP).

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe este contrato non prevé a modificación contractual, polo que é de aplicación o artigo 203.2.b e 205 da LCSP que dispoñen:

Artigo 203.2. Os contratos administrativos subscritos polos órganos de contratación só se poderán modificar durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

Cando así se prevese no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;

Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

Artigo 205. Modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares: prestacións adicionais, circunstancias imprevisibles e modificacións non substanciais.

As modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares ou que, sendo previstas, non se axusten ao establecido no artigo anterior só se poderán realizar cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

Que encontre a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no punto segundo deste artigo.

Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre que esta cumpra todos os requisitos recollidos no punto primeiro deste artigo, son os seguintes:

(...)

Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, con indicación das razóns polas cales esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerárase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao subscrito nun principio. En calquera condicións seguintes:

Que a modificación introduza condicións que, de figuraren no procedemento de contratación inicial, terían permitido a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente, ou terían atraído máis participantes no procedemento de contratación.



En todo caso, considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, de ser o caso, se esixiu no procedemento de licitación orixinal.

Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso, considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, se introducirían unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso, considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, o 15 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído, se se trata do contrato de obras, ou dun 10 por cento, IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 ao 23.

As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación se encontren dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciase a tramitación do expediente de contratación.

O informe do Servizo do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación xustifica o cumprimento de todas as condicións do suposto previsto no apartado 2 c) do artigo 205 da LCSP, como se transcribiu con anterioridade. Polo tanto, enténdese que concorre a causa prevista na letra c) do artigo 205.2. En todo caso, a modificación do contrato ao abeiro do artigo 205.2 c) da LCSP

non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato, dado que terá a condición de modificación non substancial do contrato.

O informe do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación determina que o prezo da modificación do contrato ascende a: unha cantidade anual de 1446,50€/anual máis IVE (21 %) o cal fai un total de 1750,26 €, o cal supón en todo caso unha porcentaxe sobre o importe anual do contrato de mantemento da aplicación principal (Wingtreca-Wingt) inferior ao 10%. (25514,85 € valor estimado X 0,10= 2551,49 €). Este importe reducirase en función de dous límites: a) inicio da prestación e b) data de finalización do mantemento da aplicación principal Wingtreca-Wingt. En función desta situación calcularase un prezo mensual e diario, é dicir, 120,54 €/mensual +IVE e 3,96 €/diario+IVE. Dado que se descoñece o momento da adxudicación, de ser procedente, da modificación desenvolvida, establecerase un límite máximo considerado dende a data desta proposta ata o 6 de agosto deste ano.

Conforme os informes do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, este prezo é adecuado ao prezo de mercado e incluso por debaixo do que se viña aboando á empresa Oracle por 1.500 euros mais IVE. Este importe representa un incremento, con respecto ao prezo de adxudicación do contrato, inferior ao 10%.

No que atinxe ao procedemento, o artigo 206 da LCSP (Obrigatoriedade das modificacións do contrato) dispón:

Nos supostos de modificación do contrato recollidas no artigo 205, as modificacións acordadas polo Órgano de Contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda o 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

Cando, de acordo co disposto no número anterior, a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, só será acordada polo Órgano de Contratación logo de conformidade daquel por escrito; no caso contrario resolverase o contrato de conformidade co establecido na letra g) do número 1 do artigo 211.



Tendo en conta a circunstancia antedita na cláusula anterior, xurde a obriga para a actual adxudicataria Aytos Soluciones Informáticas S.L.U., previa petición pola Deputación Provincial de Lugo, de asumir esta modificación. En todo caso, a proposta do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación foi conformada pola adxudicataria.

A modificación do contrato conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.3 da LCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste da garantía naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela garde proporción co novo prezo modificado; o reaxuste en proporción ao novo prezo (5% do aumento de prezo) deberá efectuarse dentro do prazo de quince días, contados desde a data de notificación ao empresario do acordo de modificación.

En canto ás especialidades procedimentais para este tipo de modificación veñen recollidas no artigo 207 da LCSP que se reproduce a continuación:

Artigo 207. Especialidades procedimentais.

(...) 3. Os órganos de contratación que modifiquen un contrato que estea suxeito a regulación harmonizada, con excepción dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do número 2 do artigo 205, deberán publicar no «Diario Oficial de la Unión Europea» o correspondente anuncio de modificación conforme o establecido nesta lei.

Así mesmo, os órganos de contratación que modifiquen un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberán publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se soliciten con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

4. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do establecido no artigo 191.

Aos efectos do establecido na base 36, apartado 1.3.7.4. das bases de execución do orzamento 2019, enténdese, desde o servizo de contratación e fomento que se cumpren as esixencias do artigo 205 da LCSP.

“Base 36, apartado 1.3.7.4 Modificación do contrato:

No caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da LCSP, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos, que non supera o límite previsto nos mesmos, e que non se inclúen novos prezos unitarios non previstos no contrato. No caso de modificacións non previstas, ou que non se axusten ao establecido no artigo 204, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da LCSP e que non se superan as porcentaxes máximas previstas no devandito artigo.

Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral e, que no seu caso, ditame do Consello Consultivo de Galicia.”

Tendo en conta o establecido na cláusula segunda do PCAP, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación e nos restantes actos procedimentais o órgano competente será a Presidencia. En virtude do establecido no art. 59, apartados 8 e 12 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, a competencia da Xunta de Goberno sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que



comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaría Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Conclusión:

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación da modificación efectuada, infórmase favorablemente a modificación contractual do servizo de mantemento da aplicación informática do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, co fin de incluír o servizo de xestor de base de datos.

Unha vez fiscalizado o expediente pola Intervención, entende o que subscribe que procede que pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación do obxecto do contrato do servizo de mantemento da aplicación informática do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, para incluír o servizo de xestor de base de datos, con un aumento do prezo de adxudicación de 1.446,50 €/anual máis IVE (21 %), o cal fai un total de 1.750,26 €; 3,96 €/diario mais IVE, o cal fai un total de 4,79 €, mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación, coa seguinte distribución concreta:

Desde a data prevista da formalización da modificación, 22 de xuño de 2020, ata o fin do contrato inicial, o 6 de agosto de 2020 (3,96 euros*45 días): 178,20 euros, aos que se engadirá o 21 % en concepto de IVE, o que ascende a un total 215,62 euros, IVE incluído.

2º.- Adxudicar este modificado á empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U., que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 215,62 euros, IVE incluído. O prazo de duración do contrato non experimenta variación, expirando este o día 6 de agosto de 2020, sen prexuízo da posible prórroga.

3º.- A empresa adxudicataria reaxustará a garantía definitiva ao 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, unha vez modificado o contrato, no prazo de 15 días desde a notificación do presente acordo, na contía de 8,91 €.

4º.- Formalizar dita modificación en documento administrativo.

5º.- Publicar o anuncio de modificación do contrato no perfil do contratante no prazo de 5 días dende a aprobación da mesma segundo o disposto no artigo 207.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN NA REDE VIARIA PROVINCIAL 2020-2021, ZONA 4.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración dunha furgoneta para o Parque Móbil Provincial, consta no mesmo:

Orde de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV67UPHDKDWC4SGJXQEFB5SU4M.

Memoria xustificativa da contratación, con CSV: IV67UPHCD7VI2WE5QQ5QO52TG4.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV67UAH535HZVHMZAJNGCTX74A.

Informe do Servizo de Vías e Obras relativo ao artigo 130 da LCSP.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV:

IV67Q4ANDT4IZ7RZW4MGJ5ARP4.



Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV67Q4HMNAG3ZDUCWNM4IAJUMY.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV67Q4HCDLWP3GUPY5O463ZPJY.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a contratación do servizo para a execución de diversas operacións de conservación na rede viaria provincial, zona 4. Por un período dun ano, prorrogable por tres meses.

Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade- prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e redución dos prazos de entrega que permitan unha áxil resposta ás necesidades da administración contratante.

Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 419.857,42 euros. O orzamento base de licitación inclúe 72.867,82 euros en concepto de imposto

sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 346.989,60 euros de base, atendendo ao seguinte desglose:

Anualidade 2020: 174.940,59 euros.

Anualidade 2021: 244.916,83 euros.

Segundo informe da Intervención Xeral, a consignación da anualidade 2020 está condicionada á aprobación da resolución do anterior contrato formalizado no AD: 220199/573.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021, a cantidade de 244.916,83 euros.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTAS DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES PLAN ÚNICO 2019.

Primeiro.- *Escrito da alcaldía do Concello de Foz, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Foz, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:



Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevé colocar o cartel identificativo do investimento...”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

Concello de Foz

O Concello de Foz presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
FOZ	113	REFORMA ILUMINACIÓN PÚBLICA URBANA EN RÚA EDUARDO PONDAL E A. NORIEGA VARELA	1650.76201	11.227,90€

Así mesmo, por escrito de data 26/05/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
FOZ	REM	REFORMA ILUMINACIÓN PÚBLICA URBANA RÚA CONCELLO DE SARRIA	1650.76201	--	11.227,89€	11.227,89€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación do investimento identificado, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Foz, no Plan Único 2019.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Foz e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos investimentos incluídos inicialmente, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
FOZ	REM	REFORMA ILUMINACIÓN PÚBLICA URBANA RÚA CONCELLO DE SARRIA	1650.76201	--	11.227,89€	11.227,89€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Escrito da Alcaldía do Concello de Taboada, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Taboada, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas

mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13^a, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”.

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevé colocar o cartel identificativo do investimento...”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

Concello de Taboada

O Concello de Taboada presentou Anexo III de obra indicada, incluída modificación no Plan Único por acordo do pleno de data 22/09/2019, expresando os importes de baixas ou aforros



que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
TABOADA	306	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A CARUDE, CIMA DE VILA-PIÑEIRA, DE IGLESIA DE CICILLÓN A VILARIÑO, SERNANDE-CARBOEIRO, AIREXE, SANTA MARTA, SAN MARTIÑO, MILLÁN, A VILA E A FENTEIRA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	33.759,79€

Así mesmo, por escrito de data 09/06/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
TABOADA	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A SILVA, O PENSO, XESTOSO E SOBRECEDO	1531.76201	--	33.759,79€	33.759,79€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación do investimento identificado, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Taboada, no Plan Único 2019.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Taboada e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos investimentos

incluídos inicialmente, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
TABOADA	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A SILVA, O PENSO, XESTOSO E SOBRECEDO	1531.76201	--	33.759,79€	33.759,79€

2º.-Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Escrito da Alcaldía do Concello de Muras, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Muras, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.



Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevé colocar o cartel identificativo do investimento...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

Concello de Muras

O Concello de Muras presentou Anexo III de obra incluída no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
MURAS	180	ACCESIBILIDADE: ASCENSOR CASA DO CONCELLO	9200.76201	7.805,77€

Así mesmo, por escrito con data 11/06/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
MURAS	REM	SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO CONCELLO – 2ª FASE	9200.76201	2.134,69€	7.805,77€	9.940,46€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación do investimento identificado, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Muras, no Plan Único 2019.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Muras e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos investimentos incluídos inicialmente, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
MURAS	REM	SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTONICAS E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO CONCELLO – 2ª FASE	9200.76201	2.134,69€	7.805,77€	9.940,46€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Escrito da Alcaldía do Concello de Trabada, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Trabada, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e

sempre que non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevé colocar o cartel identificativo do investimento...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

Concello de Trabada

O Concello de Trabada presentou Anexo III de obra incluída no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
TRABADA	309	RECONSTRUCCIÓN PONTE DE SAN MARTIÑO	1531.76201	3.918,87€



Así mesmo, por escrito de data 11/06/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
TRABADA	REM	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS ACCESO A RABEXA E SOENLLE	1531.76201	--	3.918,87€	3.918,87€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación do investimento identificado, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Trabada, no Plan Único 2019.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Trabada e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos investimentos incluídos inicialmente, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
TRABADA	REM	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS ACCESO A RABEXA E SOENLLE	1531.76201	--	3.918,87€	3.918,87€

2º.-Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA A EXECUTAR INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN ÚNICO 2017.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Lourenzá, no que fai constar a súa renuncia a executar investimentos e/ou actuacións incluídas no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de marzo de 2017 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 16 de xuño de 2017, figurando incluídas as obras que se sinala neste informe.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería ser adoptado na data límite do 31 de outubro de 2017, e establecéndose como prazo presentar as contas xustificativas o 15 de novembro de 2018.



A Alcaldía do Concello de Lourenzá, comunica a súa renuncia a executar os investimentos e/ou actuacións que se sinala, incluída no Plan Único 2017:

Concello de Lourenzá:

O Concello de Lourenzá, incluíu ao abeiro do Plan Único 2017, o seguinte investimento:

INVESTIMENTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
CONSTRUCCIÓN DE DEPÓSITO DE INCENDIOS EN SANTO TOMÉ INCLUÍDO ESTUDO XEOTÉCNICO, REDACCIÓN DE PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA.	2017 1361 762	16.682,05€	0,00€	16.682,05€

O Concello de Lourenzá, achega escrito de data 14/06/2019, no que comunica que “... non foi realizada por non chegar a tempo os permisos necesarios...”.

Ao Concello de Lourenzá, foille concedido anticipo do 80% que se establecía nas bases do Plan Único 2017, por importe de 13.345,64 €, aboado o 28/12/2017.

Consta no expediente, a devolución, por parte do Concello de Lourenzá á Deputación Provincial, do importe anticipado, (13.345,64 €) en data 06/11/2019, así como o ingreso, dentro do prazo concedido ao efecto, dos xuros de mora, aprobados por Resolución da Presidencia de data 25/03/2020, e que supoñen 930,99 €.

No artigo 84.1 da Lei 39/2015, do 1 do outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC, no sucesivo) recollese literalmente que: “Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade”.

Neste mesmo sentido, no artigo 94 desta mesma lei establece o seguinte: “1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. 2. Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará aqueles que a formularon. 3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que

incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable. 4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia. 5. Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entraña interese xeral ou é conveniente tramitala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.”

No artigo 6, concretamente no apartado 2, do Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil dispónse que: “2. A exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia aos dereitos nela recoñecidos soamente serán válidas cando no contraríen ao interese ou ao orde público nin prexudiquen a terceiros”.

Por todo o exposto, no caso que nos ocupa, o representante do Concello indicado pode renunciar á achega aprobada e incluída no Plan Único 2017, dado que a renuncia tivo entrada no rexistro xeral da Entidade e coa mesma non se prexudica nin ao interese publico nin a terceiros.

O órgano competente para aceptar a renuncia á achega aprobada e outorgada ao abeiro do Plan Único 2017, aos concellos indicados, aínda que nas bases do Plan Único 2017 non se prevé esta casuística, por analoxía a outras cuestións como prórrogas, modificacións, ou a interpretación e resolución de dúbidas, enténdese competente a Xunta de Goberno.

Polo que va dito, infórmase favorablemente o seguinte:

Aceptar a renuncia á achega outorgada ao abeiro do Plan Único 2017, para o Concello e co obxecto, programa e importe que se indican:

CONCELLO	INVESTIMENTO/ACTUACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	PROGRAMA
LOURENZÁ	CONSTRUCCIÓN DE DEPÓSITO DE INCENDIOS EN SANTO TOMÉ INCLUÍDO ESTUDO XEOTÉCNICO, REDACCIÓN DE PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA.	16.682,05€	INVESTIMENTOS



Aceptar os reintegros da cantidade anticipada ao Concello de Lourenzá (13.345,64 €) e os correspondentes xuros de mora por importe de 930,99 € e declarar concluso os procedementos das achegas outorgadas ao concello indicado, dentro do programa sinalado, polo obxecto e importe que figura no apartado precedente.

Notificar o acordo de aceptación da renuncia á achega outorgada ao Concello interesado, e indicado no apartado primeiro.

A vista do anterior, esta Presidencia propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia á achega outorgada ao abeiro do Plan Único 2017, para o Concello e co obxecto, programa e importe que se indican:

CONCELLO	INVESTIMENTO/ACTUACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	PROGRAMA
LOURENZÁ	CONSTRUCCIÓN DE DEPÓSITO DE INCENDIOS EN SANTO TOMÉ INCLUÍDO ESTUDO XEOTÉCNICO, REDACCIÓN DE PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA.	16.682,05€	INVESTIMENTOS

2º.- Aceptar os reintegros da cantidade anticipada ao Concello de Lourenzá (13.345,64 €) e os correspondentes xuros de mora por importe de 930,99 € e declarar concluso os procedementos das achegas outorgadas ao concello indicado, dentro do programa sinalado, polo obxecto e importe que figura no apartado precedente.

3º.- Notificar o acordo de aceptación da renuncia á achega outorgada ao Concello interesado, e indicado no apartado primeiro.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVICIOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente á Recalvi, S.L.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 17/06/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE ENTRADA		CONCEPTO	IMPORTE
			DATA	Nº		
Recalvi, S.L.	A-042079	31/12/2018	07/01/2019	315	Subministración no mes de decembro do 2018, dun retrovisor para a reparación e mantemento dun vehículo do Parque Móbil.	17,44 €
Recalvi, S.L.	A-015460	15/05/2019	23/05/2019	12.166	Subministración no mes de maio do 2019, de filtros para o mantemento do pisón nº 8 do Parque Móbil.	153,03 €.
TOTAL						170,47 €

Visto que consta:

As propias facturas con Entrada no Rexistro Xeral e con dilixencia cada unha delas, do Parque Móbil (de data 31/12/2018 na factura Nº A-042079, e de data 13/06/2019 na factura Nº A-015460), de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas as facturas polo naquelas datas Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial.

Declaración responsable asinada en data 17/06/2020, polo representante de Recalvi, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación



profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa para cada unha das facturas relacionadas, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitidas polo Xefe do Parque Móbil.

Os seguintes informes do Parque Móbil:

De data 14/01/2019, en relación coa necesidade de realización das prestacións incluídas na factura N° A-042079.

De data 15/02/2019, en relación coas prestacións incluídas na factura N° A-042079.

De data 15/01/2020 (un para cada unha das facturas), nos que se di que a unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio 2020, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

Informe – Proposta do Servizo de Contratación e Fomento, de data 27/01/2020, no que consta xustificada a necesidade por parte do órgano de contratación.

Os seguintes informes do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 14/02/2020:

En relación coa factura N° A-042079, no que se di que existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia no saldo de vinculación correspondente á aplicación orzamentaria 18/9201.214.

En relación coa factura Nº A-015460, no que se di que existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia no saldo de vinculación correspondente á aplicación orzamentaria 19/9201.22111.

Resolución da Presidencia, de data 15/05/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2018 e 2019 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, de data 07/05/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

Informe de Intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2018 e 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese a facturas da empresa Recalvi, S.L. que seguidamente se relacionan:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
Recalvi, S.L.	A-042079	31/12/2018	17,44	Subministro no mes de decembro do 2018, dun retrovisor para a reparación e mantemento dun vehículo do Parque Móbil.	9201.214	92020/1925
Recalvi, S.L.	A-015460	15/05/2019	153,03	Subministro no mes de maio de 2019, de filtros para o mantemento do pisón Nº 8 do Parque Móbil.	9201.22111	92020/1926
SUMA			170,47			

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Xefe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a



comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1 a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2018 e 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 170,47 €.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicable en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e

aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.



Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 12 de marzo do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDITORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
RECALVI, S.L.	A-042079	31/12/18	17,44	9201.214
RECALVI, S.L.	A-015460	15/05/19	153,03	9201.22111
			170,47	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 12 de Marzo de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para a reparación e mantemento da maquinaria e dos vehículos do Parque Móbil, así como que os subministros efectuados eran urxentes e necesarios para o correcto funcionamento deste Servizo, procede validar as facturas.

O período do aludido subministro foi de decembro de 2018 e maio de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 170,47 euros (I.V.E. incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponden ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o



reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

As dúas facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter repetitivo das prestacións, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible nos exercicios de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente

consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2018 (no caso da factura Nº A-042079) e no exercicio orzamentario 2019 (no caso da factura Nº A-015460), e xustificados por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
Recalvi, S.L.	A-042079	31/12/2018	Subministración no mes de decembro do 2018, dun retrovisor para a reparación e mantemento dun vehículo do Parque Móbil.	17,44 €
Recalvi, S.L.	A-015460	15/05/2019	Subministración no mes de maio do 2019, de filtros para o mantemento do pisón nº 8 do Parque Móbil.	153,03 €.
TOTAL				170,47 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito. (...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Recalvi, S.L., por un importe total de 170,47 €:

Nº A-042079 de data 31/12/2018, correspondente á subministración no mes de decembro do 2018, dun retrovisor para a reparación e mantemento dun vehículo do Parque Móbil, dun importe total de 17,44 €.

Nº A-015460 de data 15/05/2019, correspondente a subministración no mes de maio do 2019, de filtros para o mantemento do pisón nº 8 do Parque Móbil, dun importe total de 153,03 €.



2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segunda.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente á Agro Castro, S.L.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Visto o informe de data 15/06/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala: “(...)

Trasládáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		CONCEPTO	IMPORTE
			DATA	Nº		
Agro Castro, S.L.	19TB 29	31/05/2019	20/06/2019	2019/2244	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de maio do 2019, de material funxible sanitario.	92,02 €
Agro Castro, S.L.	19TB 30	31/05/2019	21/06/2019	2019/2258	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de maio do 2019, de material funxible sanitario.	54,56 €
Agro Castro, S.L.	19TB 38	30/06/2019	16/07/2019	2019/2647	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de xuño do 2019, de material funxible sanitario.	87,93 €
Agro Castro, S.L.	19TB 74	30/09/2019	17/10/2019	2019/3870	Subministración á Granxa Gayoso Castro, nos meses de xullo, agosto e setembro do 2019, de material funxible sanitario.	298,77 €
Agro Castro, S.L.	19TB 75	30/09/2019	17/10/2019	2019/3869	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de xullo do 2019, de material funxible sanitario.	197,65 €
Agro Castro, S.L.	19TB 85	31/10/2019	12/11/2019	2019/4211	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de outubro do 2019, de material funxible sanitario.	105,95 €
Agro Castro, S.L.	19 TB 86	31/10/2019	12/11/2019	2019/4210	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de outubro do 2019, de medicamentos para os animais.	84,37 €
Agro Castro, S.L.	19TB 92	30/11/2019	11/12/2019	2019/4694	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de novembro do 2019, de material funxible sanitario.	92,02 €
Agro Castro, S.L.	19TB 93	30/11/2019	11/12/2019	2019/4695	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de novembro do 2019, de medicamentos para os animais.	21,99 €
TOTAL						1.035,26 €

Visto que consta:

As propias facturas con Entrada no Rexistro de Facturas, e con dilixencia cada unha delas, da Dirección da Granxa Gayoso Castro (de data 10/03/2020), de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas as facturas polo Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles.

Declaración responsable asinada en data 11/05/2020, polo representante de Agro Castro, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memorias xustificativas para cada unha das facturas relacionadas, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitidas polo Director da Granxa Gayoso Castro.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 11/04/2020, no que se di que existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia, no saldo de vinculación correspondente á aplicación orzamentaria 19/4120.22106, polo importe total das nove facturas relacionadas.

Informe deste Servizo, de data 15/05/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións, por parte do órgano de contratación, e a conformidade do Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles.

Resolución da Presidencia, de data 08/06/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.



Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, de data 03/06/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

Informe de Intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese a facturas da empresa Agro Castro, S.L. que seguidamente se relacionan:

Nº FACTURA	DATA EMISIÓN	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO	IMPORTE
19TB 29 GTM 2020/FAC_01/000333	31/05/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de maio do 2019, de material funxible sanitario.	4120.22106	92020.2283	92,02 €
19TB 30 GTM 2020/FAC_01/000334	31/05/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de maio do 2019, de material funxible sanitario.	4120.22106	92020.2284	54,56 €
19TB 38 GTM 2020/FAC_01/000335	30/06/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de xuño do 2019, de material funxible sanitario.	4120.22106	92020.2285	87,93 €
19TB 74 GTM 2020/FAC_01/000337	30/09/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, nos meses de xullo, agosto e setembro do 2019, de material funxible sanitario.	4120.22106	92020.2286	298,77 €
19TB 75 GTM 2020/FAC_01/000338	30/09/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de xullo do 2019, de material funxible sanitario.	4120.22106	92020.2287	197,65 €
19TB 85 GTM 2020/FAC_01/000339	31/10/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de outubro do 2019, de material funxible sanitario.	4120.22106	92020.2288	105,95 €
19TB 86 GTM 2020/FAC_01/000340	31/10/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de outubro do 2019, de medicamentos para os animais.	4120.22106	92020.2289	84,37 €
19TB 92 GTM 2020/FAC_01/000341	30/11/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de novembro do 2019, de material funxible sanitario.	4120.22106	92020.2290	92,02 €
19TB 93 GTM 2020/FAC_01/000342	30/11/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de novembro do 2019, de medicamentos para os animais.	4120.22106	92020.2291	21,99 €
TOTAL					1.035,26 €

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Director da Granxa Provincial Gayoso Castro, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así

como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 1.035,26 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de



novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.

Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 19 de maio do 2020, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes, emitidas por Agro Castro, S.L.:

Nº FACTURA	DATA EMISIÓN	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO	IMPORTE
19TB 29 GTM 2020/FAC_01/000333	31/05/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de maio do 2019, de material funxible sanitario.	4120.22106	92020.2283	92,02 €
19TB 30 GTM 2020/FAC_01/000334	31/05/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de maio do 2019, de material funxible sanitario.	4120.22106	92020.2284	54,56 €
19TB 38 GTM 2020/FAC_01/000335	30/06/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de xuño do 2019, de material funxible sanitario.	4120.22106	92020.2285	87,93 €
19TB 74 GTM 2020/FAC_01/000337	30/09/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, nos meses de xullo, agosto e setembro do 2019, de material funxible sanitario.	4120.22106	92020.2286	298,77 €
19TB 75 GTM 2020/FAC_01/000338	30/09/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de xullo do 2019, de material funxible sanitario.	4120.22106	92020.2287	197,65 €
19TB 85 GTM 2020/FAC_01/000339	31/10/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de outubro do 2019, de material funxible sanitario.	4120.22106	92020.2288	105,95 €
19TB 86 GTM 2020/FAC_01/000340	31/10/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de outubro do 2019, de medicamentos para os animais.	4120.22106	92020.2289	84,37 €
19TB 92 GTM 2020/FAC_01/000341	30/11/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de novembro do 2019, de material funxible sanitario.	4120.22106	92020.2290	92,02 €
19TB 93 GTM 2020/FAC_01/000342	30/11/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de novembro do 2019, de medicamentos para os animais.	4120.22106	92020.2291	21,99 €
TOTAL					1.035,26 €

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 19 de maio de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Os medicamentos e o material funxible sanitario eran absolutamente imprescindibles para garantir a boa saúde dos animais da Granxa Gayoso.



O período de realización do aludido subministro foi dende maio a novembro de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 1.035,26 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás unidades estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

As nove facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter repetitivo das prestacións, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno , Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.



Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2019, e xustificados por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
Agro Castro, S.L.	19TB 29	31/05/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de maio do 2019, de material funxible sanitario.	92,02 €
Agro Castro, S.L.	19TB 30	31/05/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de maio do 2019, de material funxible sanitario.	54,56 €
Agro Castro, S.L.	19TB 38	30/06/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de xuño do 2019, de material funxible sanitario.	87,93 €
Agro Castro, S.L.	19TB 74	30/09/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, nos meses de xullo, agosto e setembro do 2019, de material funxible sanitario.	298,77 €
Agro Castro, S.L.	19TB 75	30/09/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de xullo do 2019, de material funxible sanitario.	197,65 €
Agro Castro, S.L.	19TB 85	31/10/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de outubro do 2019, de material funxible sanitario.	105,95 €
Agro Castro, S.L.	19 TB 86	31/10/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de outubro do 2019, de medicamentos para os animais.	84,37 €
Agro Castro, S.L.	19TB 92	30/11/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de novembro do 2019, de material funxible sanitario.	92,02 €
Agro Castro, S.L.	19TB 93	30/11/2019	Subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de novembro do 2019, de medicamentos para os animais.	21,99 €
TOTAL				1.035,26 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Agro Castro, S.L., por un importe total de 1.035,26 €:

Nº 19TB 29 de data 31/05/2019, correspondente á subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de maio do 2019, de material funxible sanitario, dun importe total de 92,02 €.

Nº 19TB 30 de data 31/05/2019, correspondente á subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de maio do 2019, de material funxible sanitario, dun importe total de 54,56 €.

Nº 19TB 38 de data 30/06/2019, correspondente á subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de xuño do 2019, de material funxible sanitario, dun importe total de 87,93 €.

Nº 19TB 74 de data 30/09/2019, correspondente á subministración á Granxa Gayoso Castro, nos meses de xullo, agosto e setembro do 2019, de material funxible sanitario, dun importe total de 298,77 €.

Nº 19TB 75 de data 30/09/2019, correspondente á subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de xullo do 2019, de material funxible sanitario, dun importe total de 197,65 €.

Nº 19TB 85 de data 31/10/2019, correspondente á subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de outubro do 2019, de material funxible sanitario, dun importe total de 105,95 €.



Nº 19TB 86 de data 31/10/2019, correspondente á subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de outubro do 2019, de medicamentos para os animais, dun importe total de 84,37 €.

Nº 19TB 92 de data 30/11/2019, correspondente á subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de novembro do 2019, de material funxible sanitario, dun importe total de 92,02 €.

Nº 19TB 93 de data 30/11/2019, correspondente á subministración á Granxa Gayoso Castro, no mes de novembro do 2019, de medicamentos para os animais, dun importe total de 21,99 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC).*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Que o artigo 44.2 da Constitución establece que os poderes públicos promoverán a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral.

Que a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos Campus de Santiago e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento,

actividades para as que goza de autonomía, de acordo cos seus Estatutos e o marco de lexislación vixente.

No Artigo 1 dos Estatutos da USC, aprobados por Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro e publicados no DOG nº 29 do 12 de febreiro de 2014, conceptuase como administración pública, vinculada a Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co artigo 146 dos seus Estatutos, a USC establecerá e manterá servizos básicos de apoio á docencia e á investigación e servizos de apoio e asistencia á comunidade universitaria, no marco dos artigos 39 e seguintes da Lei orgánica 6/2001, de 11 de decembro, de universidades; en concreto respecto da investigación e transferencia de coñecementos a sociedade, como un dos seus obxectivos esenciais.

Que segundo o establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alende o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997”, ademais na Disposición Adicional



4ª desta mesma lei confirma que as entidades locais conviven exercendo competencias nestas materias que exceden do meramente educativo.

A Deputación Provincial de Lugo, no seu papel de organismo prestador de servizos públicos de carácter supramunicipal, así como na súa condición de institución próxima á cidadanía promove o desenvolvemento de actividades que teñen por finalidade o fomento da formación da cidadanía, dos investigadores, do persoal formador e de todas aquelas persoas que podan contribuír a potenciar a riqueza que a cultura aporta á sociedade, tendo en conta a repercusión que ten na nosa economía ao afectar directamente aos factores de produción, tanto no que se refire aos recursos humanos, como á mellora e innovación dos medios de produción. Polo tanto, a Deputación está interesada en formalizar unha relación de cooperación e colaboración interinstitucional coa finalidade de contribuír á promoción e apoio da docencia, a investigación, a difusión da cultura, a promoción da economía do coñecemento con aproveitamento das sinerxías nos distintos sectores económicos e sociais da provincia.

Entre os principios xerais que rexen as actuacións das administracións públicas, o art. 3.1, letra K, da Lei 40/2015, do 01 de outubro, cita a cooperación, colaboración e coordinación entre as administracións públicas. A estes efectos a USC, conceptúase estatutariamente como administración pública vinculada a Comunidade Autónoma de Galicia.

As relacións interadministrativas detállanse no art. 140 do citado texto legal. A cooperación prodúcese cando dúas ou mais administracións, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción en común.

Os artigos 143 e 144 ocúpanse das técnicas de cooperación, e, particularmente este último dos que se formalizan mediante convenio e consisten na prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras administracións.

A propia Lei 14/2011, do 1 de xuño de Ciencia, tecnoloxía e innovación alude no artigo 34 aos “convenios de colaboración” entre axentes públicos para realizar actividades de investigación científica e técnica para a realización conxunta de actividades, entre outras, proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación, formación de persoal científico e

técnico, divulgación científica e tecnolóxica, uso compartido de inmobles, instalacións medios materiais, etc

As partes asinantes conveñen unha serie de actuacións recollidas no convenio que se achega a este informe por importe de 430.000 € , sendo os obxetivos a lograr os seguintes:

Garantir un ensino de calidade para os estudantes universitarios do campus de Lugo mediante o apoio ás prácticas e á ensinanza especializada (masters).

Plans de mellora e rehabilitación das infraestruturas universitarias tanto docentes como investigadoras e de extensión universitaria.

Accións de captación de alumnado e de promoción das titulacións universitarias en diferentes ámbitos tanto territoriais como profesionais. Lugo espazo de coñecemento e innovación.

Consolidación das estruturas científicas e de transferencia de coñecemento.

Apoio á divulgación das ciencias, captación de talento investigador e actividades de extensión universitaria e intercambio científico (conferencias, seminarios, congresos...). Internacionalización.

Impulso da docencia dixital.

Apoio aos programas de emprendemento, creación de empresas innovadoras e de impulso á investigación realizada no campus universitario

As principais actuacións encadradas no ámbito do convenio, xunto coas partidas orzamentarias e contías económicas, recóllense no seguinte cadro:



ACTUACIÓNS	DESCRICIÓN	CUSTE ESTIMADO P.O :3261.489.00	CUSTE ESTIMADO P.O:3261.789.
1. Garantir unha ensinanza de calidade para os estudantes universitarios de Lugo mediante apoio de prácticas e ensinanza especializada (Masters)	Desprazamentos e material funxible para practicas	107.000,00 €	
	Contratación de xestor para la Granxa de Castro.		
	Apoio os Masters universitario		
2. Plan de Mellora e rehabilitación das infraestruturas universitarias tanto docentes como investigadoras e de extensión universitaria	Neste apartado quérese contemplar a mellora de algunhas instalacións do campus de Lugo, atendendo principalmente a acadar unha mellor eficiencia enerxética.		30.000€ + Achega USC 50.0000
3. Accións de captación do alumnado e de promoción das titulacións universitarias en diferentes ámbitos tanto territoriais como profesionais. Lugo espazo de coñecemento e innovación.	Campana de promoción integral do campus universitario.	40.000,00 €	
	Xornada de benvinda ao novo alumnado		
4. Consolidación das estruturas científicas e de transferencia de coñecemento.	Ibader: 12.000,00€ Estación do courel: 12.000,00€ Plan estratéxico APLTA 9.000€	33.000,00€	
5. Apoio á divulgación das ciencias, captación de talento investigador e actividades de extensión universitaria e intercambio científico (Conferencias, seminarios, congresos...) Internacionalización do Campus Terra.	Programa Aponte. Xuvenciencia. Divulgaterra, actividades SNL. 3D Mobile. Curso de Micoturismo. Conferencias, cursos de verao, reunión científica. Accións de internacionalización, captación de proxectos internacionais e de fidelización de estudantes internacionais.	103.500,00€	
6. Impulso da docencia dixital	Persoal técnico de estudo e- Terra .	30.000,00€	3.000,00€
	Material técnico para estudo e-Terra.		
7. Apoio os programas de emprendemento , creación de empresas innovadoras e de impulso á investigación realizada no campus universitario	Apoio ao emprendemento universitario (Argos e Explorer).	33.500,00€	
	Proxecto de investigación sobre árnica		
	TOTAL ACHEGA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO: 380.000,00€	347.000,00€	33.000,00 €
	TOTAL ACHEGA DEPUTACIÓN DA USC: 50.000,00€		50.000,00 €
	TOTAL CONVENIO	430.000,00€	

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado o texto do Convenio interadministrativo para o Curso académico 2019-2020, e entre a Deputación de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela por importe de 430.000 €, dos cales 380.000 se financiarán con cargo a Deputación de Lugo e 50.000 con cargo a USC.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica por parte da Deputación, para o financiamento da actuación contemplada no convenio, que ascende a contía máxima de 347.000 € con cargo aplicación 3261.489.00 e 33.000 € con cargo aplicación orzamentaria 3261.789.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e O Saviñao para a execución de fins comúns consistentes en: Abastecemento de auga na parroquia de Santa María de Marrube. Fase 1.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de O Saviñao, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Abastecemento de auga na parroquia de Santa María de Marrube. Fase 1. que dispón o seguinte:

“A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 20/12/2019, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Saviñao coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Abastecemento de auga na parroquia de Santa María de Marrube. Fase 1.

En data 27/12/2019 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Saviñao no que entre outros se recollía na cláusula terceira, relativa ao obxecto:

“[.....]

e) Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 31 de agosto de 2020.

[.....]”.



Don Juan Carlos Armesto Quiroga, Alcalde do Concello de O Saviñao achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 08/06/2020, a través do que manifesta “...en virtude do alarma decreto 463/2020, de 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, impedindo durante este estado os procesos de licitación de dita obra ... solicita ampliación do prazo de execución das obras ata o 30/10/2020 e o prazo para xustificar as mesmas ata o 15/11/2020”

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas



deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias".

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...) 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados. 3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei

7/1985, de 2 de abril (...). 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de abastecemento de auga.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.



A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de O Saviñao é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugalloos”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

En canto ao abastecemento de auga, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais: “ a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...)”

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de O Saviñao, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber



de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de Réxime Local.

O concello de O Saviñao será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece

que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimemente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2020, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, de forma que os prazos para executar as actuacións incluídas no convenio queden fixadas no 30 de outubro de 2020 e a data límite para presentar a xustificación das mesmas se estableza no 15 de novembro de 2020.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.



Por todo o exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación da data de execución dos investimentos do convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de O Saviñao coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Abastecemento de auga na parroquia de Santa María de Marrube. Fase 1, fixando como data límite para executar as actuacións do 30 de outubro de 2020, e para presentar a xustificación das mesmas o 15 de novembro de 2020, e que se recolle en addenda ao convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUNHA FUNCIONARIA DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona Estrella García López, Porteira do Cadro de Persoal Funcionario da Deputación Provincial de Lugo, cumpriu 65 anos de idade o pasado día 6 de setembro de 2019.

Tendo en conta que Dona Estrella García López tiña recoñecidos menos de 37 anos o día 6 de setembro de 2019, data da súa xubilación forzosa, polo que segundo se establece no Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, do Texto Refundido da Seguridade Social, a súa xubilación retrásase 10 meses, é dicir, ata o día 6 de xullo de 2020, e que a citada funcionaria non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando que o artigo 68 da lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación do persoal funcionario pode ser:

- a) Voluntaria.
- b) Forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario se declarará de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.

[...]”.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2020	37 ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos	65 anos e 10 meses

[...]”.

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos e tendo en conta que Dona Estrella García López terá acreditado, á data do 6 de xullo de 2020, un período de cotización inferior aos 37 anos e non tendo solicitada a prolongación no servizo; con fundamento na Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, a súa idade de xubilación situaríase, para o ano 2020, nos 65 anos e 10 meses.

Por todo elo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:



Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, da funcionaria provincial, Dona. Estrella García López, con efectividade do día 6 de xullo de 2020, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN ANTICIPADA DUN EMPREGADO, LABORAL FIXO, DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

Antecedentes

D. Jesús Gancedo Martínez, Peón Reparación Vías Provincias, nacido o 10 de agosto de 1959, que presta servizos na Deputación Provincial de Lugo, como persoal laboral temporal (contrato de Duración Determinada modalidade: Interinidade), presentou ante esta Entidade solicitudes de xubilación voluntaria, de datas 11 e 25 de maio de 2020 (Rexistro Xeral de Entrada nº 5717 e 5974).

Nestes escritos o devandito traballador, afiliado ao Réxime Xeral da Seguridade Social e en situación de alta, solicita a xubilación, con efectos do día 18 de agosto de 2020.

D. Jesús Gancedo Martínez presenta informe de vida laboral, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, con data 29 de abril de 2020, no que se acredita que ten cotizado, a efectos de prestacións de Seguridade Social, un total de 43 anos, 3 meses e 3 días.

O interesado ten menos de 65 anos pero acredita mediante certificación que o Instituto Nacional da Seguridade Social lle recoñece un coeficiente redutor na idade de xubilación, por traballos realizados en Exminesa, pertencente ao sector da minería, cunha bonificación de 1.459

días (4 anos), condicionando a dita bonificación para acceder á xubilación a que se atope en situación de alta ou asimilada á alta cando a solicite.

Consideracións xurídicas e técnicas.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece, como un dereito individual dos empregados públicos, “á xubilación segundo os termos e condicións establecidas nas normas aplicables”.

Así mesmo, no artigo 53 do Convenio Colectivo único do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo contempla a posibilidade de acollerse á xubilación voluntaria determinando que se rexerá polas disposicións que sexan de aplicación específica nesta materia, debendo entenderse que, ao igual que se sinala para o persoal funcionario o artigo 67.2 do citado Real Decreto Lexislativo 5/2015: “Procederá a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que o funcionario reúna os requisitos e condicións establecidos no Réxime de Seguridade Social que lle sexa aplicable”.

O Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, no seu artigo 206, establece:

“Artigo 206. Xubilación anticipada por razón da actividade ou en caso de discapacidade.

1. A idade mínima de acceso á pensión de xubilación á que se refire o artigo 205.1.a) poderá ser rebaixada por real decreto, a proposta do titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, naqueles grupos ou actividades profesionais cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre e acusen elevados índices de morbilidade ou mortalidade, sempre que os traballadores afectados acrediten na respectiva profesión ou traballo o mínimo de actividade que se estableza.

(...)



3. A aplicación dos correspondentes coeficientes redutores da idade en ningún caso dará lugar a que o interesado poida acceder á pensión de xubilación cunha idade inferior á de cincuenta e dous anos.”

Conforme ao sinalado na Disposición Transitoria sétima do citado Real Decreto Lexislativo, que formula unha aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, a idade de xubilación e o período de cotización a que se refire a letra a) do apartado 1 do artigo 205 aplicarase de maneira gradual, fixándose para no ano 2020 segundo se expresa no seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2020	37 anos ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos	65 anos e 10 meses

En canto á condición consistente en que o importe da pensión resultante ten que ser superior á contía da pensión mínima que corresponda ao/á interesado/a pola súa situación familiar ao cumprimento dos 65 anos de idade, cómpre manifestar que para o exercicio 2020 tales pensións mínimas son as seguintes:

Con 65 anos.	Con cónxuxe a cargo.	Con cónxuxe non a cargo.	Unipersoal.
	843,40 €	648,70€	683,50€
Menor de 65 anos	790,70€	604,40€	639,50

Na documentación achegada polo solicitante, acredítase que, de acordo a informe emitido polo Centro de Atención e Información da Seguridade Social (CAISS), con data 30 de maio do 2019, a pensión inicial aproximada que lle corresponde, supera o importe da pensión mínima sinalada.

Segundo o Informe, que achega o traballador coa súa solicitude, en aplicación dos coeficientes redutores que lle corresponden polos traballos desenvolvidos dentro do Réxime Especial a Minería, a bonificación acumulada permítelle a súa xubilación aos 61 anos de idade, idade que cumpre o 10 de agosto do 2020.

Tendo en conta as circunstancias anteriormente expostas, así como a documentación presentada polo interesado; e o contido do informe do Servizo de Recursos Humanos.

Proposta de acordo

En consideración a que o traballador solicitante cumpre coas condicións e requisitos necesarios para acceder á xubilación anticipada por razón da actividade, establecidos no Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social e demais normas aplicables á súa situación de afiliado á Seguridade Social; propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 09.03.2011 (publicado do BOP núm. 056, do 10.03.2011), acorde:

Acceder á solicitude de xubilación anticipada de D. Jesús Gancedo Martínez, por razón da actividade, con efectos do día 18 de agosto de 2020, sendo este o último día no que presta servizos nesta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA SOBRE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURA.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico- Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 28 de novembro de 2019, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 78, do día 4 de abril de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019.



Propoño

Que os beneficiarios relacionados a continuación, presentaron na Excma. Deputación Provincial de Lugo, a súa renuncia do citado concurso:

Nome Entidade	Subvención
AA.VV. San Amaro de Barbaín	950,00 euros
AA.VV. de Castro de Cuíñas	1.081,00 euros

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.